La Voz de Galicia



La compañía compostelana actuará hoy y mañana en el Principal con el montaje «Cerrado por aburrimiento»

# Matarile presenta en su nueva obra una fusión de teatro, música y danza

Alexandra Moledo

SANTIAGO | Matarile Teatro se despide como grupo con *Cerrado por aburrimiento*. Con Ana Vallés al frente, el elenco, formado por siete intérpretes de distintos registros y procedencias, ofrecerá al público santiagués dos funciones hoy y mañana, a las 21.00 horas.

El montaje responde a la realidad que vive la compañía, ya que la falta de financiación les obliga hacer un parón. Ese precisamente es el mensaje que quiere transmitir la directora con este trabajo. «Se narran actitudes de defensa ante el aburrimiento y el cansancio con las que se demuestran que no hay que tener miedo a los cambios y que a veces lo mejor es hacer ese parón, no para tirar la toalla sino para tomarse un respiro y observarnos desde la distancia», asegura la artista. El espectáculo combina el teatro con la música y la danza, «sin que la palabra destaque sobre el resto de los lenguajes», explica Ana Vallés.

*Cerrado por aburrimiento* decía el cartel que colgó un amigo de la directora cuando cerró su restaurante por vacaciones en un momento que quería dejar el negocio. Ahora ese título define el estado de la propia Ana, pues «estoy cansada para montar la empresa teatral necesaria si se quiere sobrevivir en este mundo». Según Vallés, «Matarile nunca ha condicionado la creación a la política de subvenciones» y esa es la raíz de esta difícil situación. Por eso, la obra es premonitoria y en ella se unen la ficción y la actualidad del grupo compostelano.

Después del estreno en noviembre en el Teatro Colón de A Coruña y de un ensayo abierto en el Auditorio de Galicia, Matarile espera una buena acogida de los espectadores en el Principal.

**EN CARTEL**

**Representaciones**

**Hoy y mañana.** El Teatro Principal acoge dos funciones a las 21.00 horas.

**Elenco**

**Intérpretes variados.** Bajo la dirección de Ana Vallés actúan José Campanario, Xan Cejudo, Mónica García, Mauricio Gónzalez, el bailarín Ricardo Santana y la violinista Alba Fernández.

**Entradas**

**7 euros.** A la venta en Caixa Galicia.



Parte del equipo de Matarile avanzó ayer algunas características de su último espectáculo | PACO RODRÍGUEZ

## Los intérpretes reconocen que esta producción es un reto que exige individualidad e improvisación

Ana Vallés ha creado este trabajo con la intención de reflexionar sobre el aburrimiento siempre con humor, «riéndonos de nosotros mismos para poder observar lo que fuimos desde la distancia, temporal y espacial». Para conseguirlo, cuenta con la colaboración de siete artistas (actores, bailarines y músicos) gallegos y también de Canarias, Asturias, Portugal, Madrid y Argentina. Esta variedad geográfica y profesional confiere una riqueza única a la producción.

Además, la directora pretende que los personajes entren en sintonía con las músicas y traten las situaciones que se plantean desde sus voces particulares y sus propios puntos de vista, algo que les ha costado y a la vez es gratificante para los actores. El canario Mauricio González confirma que siente vértigo cada vez que sale al escenario «porque este proyecto, al contrario que otros de Matarile, exige más trabajo individual y cada día es un reto». José Campanario comparte esta opinión y añade que «eso actoralmente está muy bien y es nuestro trabajo, pero supone una tensión constante que se mantiene en toda la obra, ya que no hay nada seguro».

Tanto la iluminación a cargo de Baltasar Patiño y Miguel Muñoz como el sonido adquieren un protagonismo importante a mayores de los personajes. De hecho, Alba Fernández, además de actuar, toca la viola y es responsable de los arreglos musicales. Para la intérprete, *Cerrado por aburrimiento* «es una pieza compacta a pesar del trabajo individual y la variedad del elenco», punto en el que discrepa el bailarín Ricardo Santana, el cual entiende la obra por partes pero no como un conjunto.

Los santiagueses combatirán el aburrimiento con esta fusión de intérpretes, sonidos, danzas y luces donde la visión de la creadora está muy presente. El grupo completará su gira por Galicia antes de bajar el telón definitivamente.

La Voz de Galicia.es



# El Principal abre hoy la nueva temporada con «Cerrado por aburrimiento», de Matarile Teatro

La Voz | 19/2/2010

Valoración (0 votos)

El teatro Principal de A Estrada abrirá esta noche su nueva temporada con la puesta en escena de la obra **Cerrado por aburrimiento** , de la compañía Matarile Teatro. Será a las 21.00 horas y la entrada costará cinco euros.

Matarile Teatro maneja un lenguaje propio basado en el texto literario, que funde distintos lenguajes escénicos. La compañía se ha especializado en el arte de la sugerencia, que logra la comunicación directa con el espectador por medio del movimiento, la palabra, la ironía, la música, el humor, la complicidad y la imagen.

La compañía ha sido considerada una de las regeneradoras del teatro europeo, con una constante exploración de las posibilidades expresivas del género humano.

En **Cerrado por aburrimiento** , la directora, Ana Vallés, coordina una nueva propuesta escénica de creación colectiva -método de trabajo de la compañía en sus últimos espectáculos- construyendo a partir de textos propios, del resto de los miembros de Matarile Teatro y de Fernando Pessoa (Antología de Álvaro Campos), Rilke, Séneca y Shakespeare.

La función de A Estrada podría ser una de las últimas oportunidades para ver en escena a Matarile, que ha insinuado su abandono de la escena teatral.

Galicia Hoxe
ÚNICO DIARIO EN GALEGO

ESCENA

# O final dunha etapa

**Ana Vallés achega a Compostela "Cerrado por aburrimiento", a "última obra que facemos coa estrutura de compañía de Matarile"**

**M. DOPICO . SANTIAGO**

"Se isto é unha profesión,/ debo dicir que é unha profesión/ que o esixe todo/ e non promete nada./ E nunca se comparte." (...) É un dos textos de *Cerrado por aburrimiento,* a nova obra de Matarile Teatro, que esta fin de semana chega a Santiago: estará hoxe e mañá a partir das nove no Teatro Principal.

O título da montaxe é significativo. Segundo explicou a directora, Ana Vallés, "durante o proceso, decidimos que é o último que facemos coa estrutura de compañía de Matarile. Porque non podemos seguir así. E non queremos nin retroceder, nin facer outras cousas. Xa diximos máis veces que facer teatro é resistir. Agora tiramos para adiante de novo, pero iso non supón continuar, senón cambiar, comezar unha nova etapa. E como decidimos acabar a anterior, dicimos as cousas con moita vehemencia...".

*Cerrado por aburrimiento* xurdiu xurdiu dunha conversa de Vallés cun amigo, Suso, o do Dezaseis. "Ante o seu cansazo crónico e o seu desexo insistente de abandonalo todo propúxenlle que colgase un letreiro na porta do restaurante e viñese de vacacións comigo ao Porto. O letreiro diría: "pechado por aburrimento". E como define absolutamente o meu estado actual, adopteino como título para o novo espectáculo de Matarile. Non aceptar o aburrimento, antes pechar, mellor matarse. Por aí comezamos", indicou a directora cando presentou a obra na Coruña.

"A idea inicial era esa: tomar unha actitude de defensa ante o aburrimento. Mellor pechar, e comezar unha nova etapa. Despois, nos ensaios, xurdiron outros temas, pero xa estaban esbozados nas consignas que lles din aos actores, para a improvisación, como unha análise ou crítica sobre a situación do teatro", aclarou Vallés.

### Os tópicos sobre os artistas e o merchandising

"Falamos, ríndonos, tamén de nós mesmos; das dificultades, dos tópicos sobre o que debe ser un artista e o que debe facer para vender, dos tópicos en xeral como o de que calquera tempo pasado foi mellor. Dos críticos, con ese status de poder no que se sitúan: xulgan, aproban, suspenden...", engadiu.

Porque, sinalou, "a nosa profesión non depende só de nós. Depende dos críticos, os xornalistas, os programadores, os que programan debates ou estudos e teñen un posto de poder nas institucións... É difícil, sobre todo se fas un tipo de teatro non convencional, non comercial... Estamos metidos nas industrias culturais, imos en programacións ao lado de propostas comerciais nas que o reclamo son caras da tele, e todo ten que buscar rendibilidade... Entón, de que estamos a falar, de arte, de negocio? Chega un momento que tes que reconsiderar o que fas, para poder sobrevivir. E non queres ir para atrás. Todo isto é moi cansino, e por iso o do aburrimento".

### A primeira vez sen o espazo do Teatro Galán

Matarile realizou os ensaios desta peza na Sala Mozart da Coruña, no Teatro Principal da Estrada e no Salón Teatro de Santiago . Tanta itinerancia debeuse, -lembrou Vallés-, a que "era a primeira vez que non tiñamos o Teatro Galán", "-a Sala Galán pechara como espazo de exhibición xa no 2005 a causa, precisamente, do cansanzo e a precariedade orzamentaria, pero continuaba como lugar de creación-.

A montaxe emprega textos de Pessoa, Rilke, Séneca, Shakespeare e os intérpretes da peza: a propia Vallés, e Mauricio González, Ricardo Santana, José Campanari, Xan Cejudo, Alba Fernández e Mónica García. "Hai na obra un interés por mostrar as inflluencias doutros artistas: escritores, pintores, fotógrafos, músicos... E facémolo a través dos textos, ou de anécdotas: de Tolstoi, Paganini...", comentou.

Os intérpretes proceden de Arxentina, Asturias, Canarias, Madrid, Portugal e Galicia. "Iso é enriquecedor", di Vallés. Hai actores que danzan ou bailaríns que interpretan, como é habitual no traballo de Matarile. "Hai un equipo que se mantén desde *Animales Artificiales*. Pero nesta obra hai unha responsabilidade máis individual dos actores. A anterior era máis coral. Nesta están máis nus... Volvemos traballar con Cejudo, e incorporamos a Alba, a actriz violista", salientou.

ESCENA

# O final dunha etapa

**Ana Vallés achega a Compostela "Cerrado por aburrimiento", a "última obra que facemos coa estrutura de compañía de Matarile"**

**M. DOPICO . SANTIAGO**

"Se isto é unha profesión,/ debo dicir que é unha profesión/ que o esixe todo/ e non promete nada./ E nunca se comparte." (...) É un dos textos de *Cerrado por aburrimiento*, a nova obra de Matarile Teatro, que esta fin de semana chega a Santiago: estará hoxe e mañá a partir das nove no Teatro Principal.

O título da montaxe é significativo. Segundo explicou a directora, Ana Vallés, "durante o proceso, decidimos que é o último que facemos coa estrutura de compañía de Matarile. Porque non podemos seguir así. E non queremos nin retroceder, nin facer outras cousas. Xa diximos máis veces que facer teatro é resistir. Agora tiramos para adiante de novo, pero iso non supón continuar, senón cambiar, comezar unha nova etapa. E como decidimos acabar a anterior, dicimos as cousas con moita vehemencia...".

*Cerrado por aburrimiento* xurdiu xurdiu dunha conversa de Vallés cun amigo, Suso, o do Dezaseis. "Ante o seu cansazo crónico e o seu desexo insistente de abandonalo todo propúxenlle que colgase un letreiro na porta do restaurante e viñese de vacacións comigo ao Porto. O letreiro diría: "pechado por aburrimento". E como define absolutamente o meu estado actual, adopteino como título para o novo espectáculo de Matarile. Non aceptar o aburrimento, antes pechar, mellor matarse. Por aí comezamos", indicou a directora cando presentou a obra na Coruña.

"A idea inicial era esa: tomar unha actitude de defensa ante o aburrimento. Mellor pechar, e comezar unha nova etapa. Despois, nos ensaios, xurdiron outros temas, pero xa estaban esbozados nas consignas que lles din aos actores, para a improvisación, como unha análise ou crítica sobre a situación do teatro", aclarou Vallés.

### Os tópicos sobre os artistas e o merchandising

"Falamos, rindonos, tamén de nós mesmos; das dificultades, dos tópicos sobre o que debe ser un artista e o que debe facer para vender, dos tópicos en xeral como o de que calquera tempo pasado foi mellor. Dos críticos, con ese status de poder no que se sitúan: xulgan, aproban, suspenden...", engadiu.

Porque, sinalou, "a nosa profesión non depende só de nós. Depende dos críticos, os xornalistas, os programadores, os que programan debates ou estudos e teñen un posto de poder nas institucións... É difícil, sobre todo se fas un tipo de teatro non convencional, non comercial... Estamos metidos nas industrias culturais, imos en programacións ao lado de propostas comerciais nas que o reclamo son caras da tele, e todo ten que buscar rendibilidade... Entón, de que estamos a falar, de arte, de negocio? Chega un momento que tes que reconsiderar o que fas, para poder sobrevivir. E non queres ir para atrás. Todo isto é moi cansino, e por iso o do aburrimento".

### A primeira vez sen o espazo do Teatro Galán

Matarile realizou os ensaios desta peza na Sala Mozart da Coruña, no Teatro Principal da Estrada e no Salón Teatro de Santiago . Tanta itinerancia debeuse, -lembrou Vallés-, a que "era a primeira vez que non tiñamos o Teatro Galán", "-a Sala Galán pechara como espazo de exhibición xa no 2005 a causa, precisamente, do cansanzo e a precariedade orzamentaria, pero continuaba como lugar de creación-.

A montaxe emprega textos de Pessoa, Rilke, Séneca, Shakespeare e os intérpretes da peza: a propia Vallés, e Mauricio González, Ricardo Santana, José Campanari, Xan Cejudo, Alba Fernández e Mónica García. "Hai na obra un interés por mostrar as influencias doutros artistas: escritores, pintores, fotógrafos, músicos... E facémolo a través dos textos, ou de anécdotas: de Tolstoi, Paganini...", comentou.

Os intérpretes proceden de Arxentina, Asturias, Canarias, Madrid, Portugal e Galicia. "Iso é enriquecedor", di Vallés. Hai actores que danzan ou bailaríns que interpretan, como é habitual no traballo de Matarile. "Hai un equipo que se mantén desde *Animales Artificiales*. Pero nesta obra hai unha responsabilidade máis individual dos actores. A anterior era máis coral. Nesta están máis nus... Volvemos traballar con Cejudo, e incorporamos a Alba, a actriz violista", salientou.

COMPOSTELACULTURA

25/01/10



# Volve Matarile Teatro con 'Cerrado por aburrimiento'

(04/01/2010) A compañía Matarile Teatro volve á escena en Santiago coa súa última produción, *Cerrado pro aburrimiento*. Nela sitúase de novo no terreo da experimentación e a mestura de linguaxes escénicas, sen perder de vista o humor.



Cerrado por aburrimiento

**Ana Vallés: "Non aceptar o aburrimento, antes pechar, mellor matarse. Por aí comezamos"**

*Cerrado por aburrimiento* pon en escena sete intérpretes que desde diferentes formacións e carreiras profesionais, achegan a súa experiencia para construír caracteres que reflexionan sobre diferentes temas: o aburrimento, o amor, o teatro. Unha obra sobre a idea de rescatar unha mirada propia. Unha obra que non deixa de preguntarse "que importa a quen?".

Ana Vallés explica que "o título xorde dunha conversa co meu amigo o cociñeiro Suso, de O Dezaseis. Ante o seu agotamento crónico e o seu desexo insistente de abandonalo todo propúxenlle que colgara un letreiro na porta do restaurante e viñera de vacacións comigo a Porto. O letreiro diría: CERRADO POR ABURRIMIENTO. E como define absolutamente o meu estado actual, adopteino como título para o novo espectáculo de Matarile. Non aceptar o aburrimento, antes pechar, mellor matarse. Por aí comezamos".

Matarile Teatro é unha compañía compostelá que leva 24 anos en activo, desde que no 1986 estreou a súa primeira peza, *O cumpreanos da infanta*. Neste tempo a compañía produciu dúas ducias de montaxes, obtivo un número importante de premios e amosou o seu traballo en festivais e salas de toda a península, Europa e Estados Unidos.

*Cerrado por aburrimiento* estreouse na Coruña o 27 de novembro e pasou tamén por Valladolid e Ferrol. Logo do seu pase por Compostela, poderase ver na Estrada, en Ourense en Narón e no Certame de Directoras de Escena, en Torrejón de Ardoz.

### Ficha

**Autoría:** Ana Vallés
**Dirección:** Ana Vallés
**Axudante de dirección:** Nuria Sanz
**Iluminación:** Baltasar Patiño e Miguel Muñoz
**Escenografía e produción musical:** Baltasar Patiño
**Intérpretes:** José Campanari, Xan Cejudo, Alba Fernández, Mónica García, Mauricio González, Ricardo Santana e Ana Vallés